

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEAREAS**

ANUNCIO da convocatoria para prover en propiedade oito prazas vacantes da escala de Administración xeral incluída na oferta de emprego público 2021.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra, núm. 227, do 28 de novembro de 2022, publicáronse integramente as bases, aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-1984, do 22 setembro de 2022, que rexerán a convocatoria para prover en propiedade oito (8) prazas vacantes da escala de Administración xeral, subescala administrativa, mediante a quenda de promoción interna, incluída na oferta de emprego público do ano 2021, que foron publicadas no DOG núm. 45, do 7 de marzo de 2022.

Grupo/subgrupo	Escala	Subescala	Posto	Códigos dos postos	Quenda
C1	Administración xeral	Administrativa	Oficial/a administrativo/a	01.02.00.07 01.02.00.08 01.01.00.02 01.02.03.04 01.02.03.05 01.02.04.03 01.04.00.07 03.01.00.07	Promoción interna

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra.

Ponteareas, 1 de decembro de 2002

María Cristina Fernández Davila
Alcaldesa

